

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*DECRETO 151/2015, do 8 de outubro, polo que se declara ben de interese cultural a colección de arte de ABANCA Corporación Bancaria, S.A.*

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, consciente de que a colección de arte de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., antes de Caixa Galicia e de Novagalicia Banco, é un elemento fundamental do patrimonio cultural de Galicia por ser un conxunto singular e extenso da arte da pintura galega, complementada con obras nacionais e do estranxeiro que conforman un discurso coherente e da máxima relevancia, e que son de interese para a permanencia da identidade do pobo galego, acordou, por medio da Resolución do 23 de setembro de 2013 (DOG núm. 186, do 30 de setembro), incoar o expediente para a declaración de ben de interese cultural da colección de arte de Novagalicia Banco, agora ABANCA Corporación Bancaria, S.A.

A colección de arte de ABANCA Corporación Bancaria, S.A. está composta por un grupo de obras, especialmente pintura, pero tamén manifestacións doutras técnicas e materias, que son o resultado dun proceso intencional de provisión que se ben inicialmente estaba centrado nos artistas galegos, dos cales recolle un elevado volume de obra dos más significativos, con posterioridade foi completando a colección con obras que, pola súa representatividade, simbolizan traxectorias e etapas da historia artística do país e mesmo do seu contexto internacional, e que serven de contrapunto na creación do seu discurso conceptual.

No seu conxunto, a colección amosa a evolución da arte galega, pero tamén o seu lugar no ámbito español e internacional, o que resulta de grande interese para a cultura galega e a súa definición. Así, a colección de arte de ABANCA Corporación Bancaria, S.A. foise consolidando como unha das coleccións corporativas de arte más importantes do ámbito territorial español que, co paso do tempo, se foi ampliando para dar unha visión más ampla da arte do século XX coa adquisición de obras dos ámbitos español e internacional.

Trátase dun patrimonio vinculado aos fins sociais dunhas entidades fundacionais e financeiras imbricadas na sociedade galega, destinataria última dun patrimonio que ela mesma, cos seus propios recursos e esforzos, foi xerando ao longo do tempo.

En relación co que dispón a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, para a tramitación da declaración de bens de interese cultural, e como se recolle



na propia resolución pola que se incoa o procedemento, procedeuse coa publicación da resolución de incoación no *Diario Oficial de Galicia* a abrir un trámite de información pública por un período dun mes, no cal se puideron presentar as alegacións que se consideraron oportunas.

Para tales efectos, a documentación do expediente estivo á disposición do público nas oficinas da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no Edificio Administrativo San Caetano, Santiago de Compostela, sen que se presentase ningunha alegación ao seu contido, nin durante este período nin posteriormente. A incoación notificóuselles aos seus titulares e foi posteriormente publicada no *Boletín Oficial del Estado* (BOE núm. 266, do 6 de novembro de 2013). Os bens foron, daquela, inscritos provisionalmente no Rexistro de Bens de Interese Cultural.

Na instrución do expediente de declaración corrixíronse algunas incidencias nas listaxes, o que implicou dar de alta 19 rexistros novos e dar de baixa 12, e isto foi recollido nos informes técnicos que forman parte do expediente.

Como parte dos trámites necesarios para a declaración, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural solicitou informe aos órganos consultivos a que fai referencia a Lei 8/1995, do patrimonio cultural, en concreto á Universidade de Santiago de Compostela, á Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario e ao Consello da Cultura Galega. A documentación que se lles achegou aos órganos consultivos xa prevía a corrección nos rexistros realizada na instrución do expediente. Os informes de órganos consultivos resultaron favorables á declaración e sinalaron a súa conveniencia.

Tamén nos trámites de instrución do expediente se suspendeu por tres meses o cómputo do prazo de tramitación xa que no conxunto das obras incoadas existían obras de autores vivos e, polo tanto, era preciso contar coa autorización expresa do propietario, segundo determina o artigo 8.6 da Lei 8/1995 do patrimonio cultural, autorización expresa que foi remitida pola propiedade e incorporada ao expediente.

Á vista das consideracións citadas, e despois de rematar a instrución do expediente administrativo, no que queda acreditado o carácter sobranceiro da colección, en especial pola calidade e representatividade da obra pictórica galega dos últimos 130 anos, o contraste con obras nacionais e estranxeiras da máxima calidade que colaboran á definición do seu discurso, así como á calidade da conservación, difusión e didáctica da colección, cómpre proceder á súa resolución definitiva.



Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e despois da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do oito de outubro de dous mil quince,

DISPOÑO:

Primeiro. Declarar ben de interese cultural a colección de arte de ABANCA Corporación Bancaria, S.A. segundo a descripción e o réxime xeral de protección que constan nos anexos I e II deste decreto.

Segundo. Incluír os bens obxecto deste decreto no Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural de Galicia e dar conta ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural do Estado e ao Inventario xeral de bens mobles da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira

Este decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, oito de outubro de dous mil quince

Alberto Núñez Feijoo  
Presidente

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I  
**Colección de arte ABANCA Corporación Bancaria, S.A.**

Nº	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
1	Abelenda Escudero, Alfonso	O retablo dos poetas	100×81	Óleo sobre lenzo
2	Abelenda Zapata, Manuel	Atardecer en Samil	61×80,5	Óleo sobre lenzo
3	Abelenda Zapata, Manuel	Atardecer na ría	32×40	Óleo sobre lenzo e cartón
4	Abelenda Zapata, Manuel	Bodegón con Sargadelos	67×100	Óleo sobre lenzo
5	Abelenda Zapata, Manuel	Cociña galega	33×41	Óleo sobre lenzo e cartón
6	Abelenda Zapata, Manuel	Desde Chapela	32×40	Óleo sobre lenzo e cartón
7	Abelenda Zapata, Manuel	Efecto de luz en Chapela	61×81	Óleo sobre lenzo
8	Abelenda Zapata, Manuel	Figura feminina	71×60	Óleo sobre lenzo
9	Abelenda Zapata, Manuel	Fontán. Sada	22×31	Lapis sobre papel



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
10	Abelenda Zapata, Manuel	<i>Néboa no val</i>	38×46	Óleo sobre lenzo e cartón
11	Abelenda Zapata, Manuel	<i>Paisaxe</i>	24×33	Lapis sobre papel
12	Abelenda Zapata, Manuel	<i>Paisaxe en Miño</i>	50×40	Óleo sobre lenzo
13	Abelenda Zapata, Manuel	<i>Pontocelo</i>	84×103	Óleo sobre lenzo
14	Abelenda Zapata, Manuel	<i>Rapaza</i>	40×30	Lapis carbón sobre papel
15	Abelenda Zapata, Manuel	<i>Ría do Burgo</i>	71×71	Óleo sobre lenzo
16	Abelenda Zapata, Manuel	<i>Tarde de chuvia en Combarro</i>	57×69	Óleo sobre lenzo
17	Abelenda Zapata, Manuel	<i>Un lugar en Montrove</i>	22×31	Lapis sobre papel
18	Abelenda Zapata, Manuel	<i>Venus entre cacharros e froitas</i>	70×96	Óleo sobre lenzo
19	Aguilar, Sergi	<i>Fraccións</i>	35×104×45	Aceiro
20	Albuquerque Melo, Emiliano Augusto de (Emiliano de Cavalcanti)	<i>Mulheres no cais</i>	114×180	Óleo sobre lenzo
21	Almeida, Helena	<i>Pintura habitada (14 fotografías)</i>	45×65 c/u	Fotografía
22	Alonso Fernández, Rafael	<i>Paisaxe en inverno</i>	65×90	Acuarela sobre papel
23	Alonso Fernández, Rafael	<i>Paisaxe en Marrocos. O Atlas</i>	70×100	Acuarela sobre papel
24	Alonso, Mónica	<i>Cama amarela para transplante de suicidio</i>	160×70×46	Poliéster e estrutura metálica
25	Álvarez Basso, Darío	<i>A casa de Barnett Newmann</i>	75×94	Mixta sobre lenzo
26	Álvarez Basso, Darío	<i>A man de San Francesco</i>	260×170	Mixta sobre lenzo
27	Álvarez Basso, Darío	<i>Baharat Matta Amarelo</i>	200×115	Acrílico e follas sobre liño
28	Álvarez Basso, Darío	<i>Baharat Matta Blanco Follas</i>	165×115	Acrílico e follas sobre lenzo
29	Álvarez Basso, Darío	<i>Due pezzi di uomo</i>	100×340	Mixta sobre lenzo
30	Álvarez Basso, Darío	<i>Eros</i>	170×400	Mixta sobre lenzo
31	Álvarez Basso, Darío	<i>Grande Verde II</i>	230×200	Mixta sobre lenzo
32	Álvarez Basso, Darío	<i>Home africano II</i>	170×146	Mixta sobre lenzo
33	Álvarez Basso, Darío	<i>Húmido I (16/50)</i>	28×42	Serigrafía
34	Álvarez Basso, Darío	<i>Húmido II (4/50)</i>	28×42	Serigrafía
35	Álvarez Basso, Darío	<i>Húmido V (5/50) e Húmido VI (5/50)</i>	27×40	Serigrafía
36	Álvarez Basso, Darío	<i>Húmido VII (4/50) e Húmido X (5/50)</i>	27×40	Serigrafía
37	Álvarez Basso, Darío	<i>Mar adentro</i>	116×200	Acrílico sobre lenzo
38	Álvarez Basso, Darío	<i>Occhi</i>	165×180	Mixta sobre lenzo
39	Álvarez Basso, Darío	<i>Pantheon III</i>	200×200	Mixta sobre lenzo



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
40	Álvarez Basso, Darío	<i>Presa Presenza</i>	195×130	Acrílico sobre lenzo
41	Álvarez Basso, Darío	<i>Trasluz</i>	92×41	Mixta sobre lenzo
42	Álvarez Basso, Darío	<i>Vermello e branco. Pegadas de Visnú</i>	200×200	Acrílico e follas sobre liño
43	Álvarez Cáccamo, Berta (Berta Cáccamo)	<i>Debuxo pintado</i>	170×130	Pintura acrílica sobre lenzo
44	Álvarez Cáccamo, Berta (Berta Cáccamo)	<i>Nº 6</i>	190×190	Mixta sobre lenzo
45	Álvarez Cáccamo, Berta (Berta Cáccamo)	<i>Paisaxe de río</i>	130×130	Pintura acrílica sobre lenzo
46	Álvarez Cáccamo, Berta (Berta Cáccamo)	<i>Vertedura nº 15</i>	130×130	Pintura acrílica sobre lenzo
47	Álvarez Cáccamo, Berta (Berta Cáccamo)	<i>Vertedura nº 5</i>	130×130	Pintura acrílica sobre lenzo
48	Álvarez de Sotomayor, Fernando	<i>A moza do testo</i>	47×35	Óleo sobre lenzo
49	Álvarez de Sotomayor, Fernando	<i>Despois da caza</i>	130×155	Óleo sobre lenzo
50	Álvarez de Sotomayor, Fernando	<i>Retrato da señora de Silvela</i>	124×94	Óleo sobre lenzo
51	Álvarez Pablos, Pilar	<i>A vinganza do pitufo</i>	184×158	Mixta sobre lenzo
52	Ángeles Ortiz, Manuel	<i>Guitare (Guitarra)</i>	92×73	Óleo sobre lenzo
53	Anglada Camarasa, Hermen	<i>Muller nun xardín</i>	35,1×26,4	Óleo sobre madeira
54	Arnaiz, Doroteo	<i>Strelitzia</i>		Gravado
55	Arroyo, Eduardo	<i>O museo do descubrimiento de día, O museo do descubrimiento de noite</i>	Díptico 200×250 c/u	Acrílico sobre lenzo
56	Asorey González, Francisco	<i>Busto de Manuel Quiroga</i>	53×29×38	Escaiola policromada
57	Asorey González, Francisco	<i>Busto de Manuel Quiroga</i>	51×30×37	Fundido en bronce
58	Barbi Alonso, Jorge	<i>Colleita do 95, Colleita do 96</i>	210×60 c/u	Madeira de acacia e plástico
59	Barcala, Washington	<i>Cabeza debuxada e outra en construcción</i>	57×77	Mixta
60	Barceló, Miquel	<i>Le feu sur la plage</i>	199×304	Mixta sobre lenzo
61	Barjola, Juan	<i>Preparativos para un grande experimento</i>	170×200	Óleo sobre lenzo
62	Barreiro González, Alberto	<i>Surface Invaders</i>	90×120	Cristal, espello e impresión dixital
63	Basallo, Ignacio	Sen título	178×82×70	Madeira de castiñeiro, cobre oxidado, arame e cartón
64	Blanco, Vicente/Cidrás, Salvador	<i>Bloody nose (1/3)</i>	100×170	Fotografía
65	Blanco, Vicente/Cidrás, Salvador	<i>O prisioneiro branco (1/3) (díptico)</i>	100×350	Fotografía



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
66	Bores López, Francisco	<i>Soir d'été</i>	146×114	Óleo sobre lenzo
67	Borrajo Domarco, Ramón (Moncho Borrajo)	<i>A, para, por... A Coruña (7 pezas)</i>	150×50 c/u	Acrílico sobre madeira
68	Borrajo Domarco, Ramón (Moncho Borrajo)	<i>Merenda na palleira</i>	100×100	Acrílico sobre madeira
69	Borrajo Domarco, Ramón (Moncho Borrajo)	<i>Pensando en ti</i>	195×160	Mixta sobre madeira
70	Borrajo Domarco, Ramón (Moncho Borrajo)	<i>Planos e contrapuntos (tríptico)</i>	70×241	Mixta sobre papel
71	Borrajo Domarco, Ramón (Moncho Borrajo)	<i>Torre de Hércules</i>	190×190	Mixta sobre madeira
72	Borrajo Domarco, Ramón (Moncho Borrajo)	<i>Xapón</i>	100×100	Acrílico sobre madeira
73	Borrell Palazón, Alfons (Alfons Borrell)	Sen título (HC 7/10)	38×56	Gravado
74	Bóveda Bentrón, Carlos	<i>Adiós, papai!</i>	60×76	Óleo sobre táplex
75	Bóveda Bentrón, Carlos	<i>Brisas do Ulla</i>	61×75	Óleo sobre lenzo
76	Bóveda Bentrón, Carlos	<i>Fantasia</i>	70×50	Óleo sobre táplex
77	Bóveda Bentrón, Carlos	<i>Lavandeira</i>	73×53	Óleo sobre táplex
78	Bóveda Bentrón, Carlos	<i>Maternidade</i>	70×50	Óleo sobre táplex
79	Bóveda Bentrón, Carlos	<i>Naiciña co seu neno</i>	69×51	Óleo sobre táplex
80	Braque, Georges	<i>Verre et raisins</i>	24,5×33,5	Óleo sobre lenzo
81	Brigas Díaz, Jerónimo	<i>Dous perfís</i>	49×40	Mármore
82	Brocos Gómez, Isidoro	<i>A Purísima Concepción</i>	22×7×5	Barro cocido
83	Brocos Gómez, Isidoro	<i>A resurrección de Lázaro</i>	16,5×22	Lapis grafito sobre papel
84	Brocos Gómez, Isidoro	<i>A resurrección de Lázaro</i>	20×12,5	Lapis sobre papel
85	Brocos Gómez, Isidoro	<i>A Virxe da Luz</i>	56×21×16	Barro cocido
86	Brocos Gómez, Isidoro	<i>A Virxe do Carme</i>	53×17×14	Barro cocido
87	Brocos Gómez, Isidoro	<i>A Virxe do neno</i>	14,5×10	Lapis sobre papel
88	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Academia</i>	41×28	Lapis carbón sobre papel
89	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Academia</i>	44×29	Lapis carbón sobre papel
90	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Academia</i>	60×36	Lapis carbón sobre papel
91	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Academia sobre o escravo moribundo de Miguel Anxo</i>	50×31	Lapis carbón sobre papel
92	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Antínoos</i>	20×13	Lapis sobre papel
93	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Apolo de Belvedere</i>	20,5×29	Tinta chinesa e lapis grafito sobre papel
94	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Apuntamento</i>	20×13	Lapis sobre papel
95	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Apuntamento</i>	12,5×21	Lapis sobre papel
96	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Apuntamento</i>	12,5×10	Lapis sobre papel
97	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Apuntamento feminino</i>	14×30	Lapis negro sobre papel



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
98	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Apuntamentos de tema mitolóxico</i>	27,5×20	Tinta chinesa e lapis grafito sobre papel
99	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Arabella</i>	14×9	Lapis sobre papel
100	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Árbores</i>	13×7,5	Lapis sobre papel
101	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Atleta</i>	61×48	Lapis composto sobre papel
102	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Baco</i>	13×7,5	Lapis sobre papel
103	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Bosquexo para monumento funerario</i>	22,5×33,5	Lapis grafito sobre papel
104	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Bosquexo para monumento funerario a Pío IX</i>	33×22,5	Lapis grafito sobre papel
105	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Buscando a pulga (coñecido tamén Aquí, aquí (la pulga))</i>	33×25×17	Barro cocido
106	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Cabeza masculina</i>	38×30	Lapis sepia sobre papel
107	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Caderno de notas</i>	8x13,6x1,5	Lapis sobre papel
108	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Caderno de notas</i>	12x7,5	Lapis sobre papel
109	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Caderno de notas</i>	9,5x14,6x1,5	Lapis sobre papel
110	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Caldas</i>	19×25	Lapis sobre papel
111	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Caldas 1880</i>	21×31	Lapis sobre papel
112	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Carpetá. Colección de debuxos</i>		Colección
113	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Deus Baco xuvenil</i>	54×58	Lapis grafito sobre papel
114	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Diana ou Artemisa e gamo</i>	23×18	Lapis grafito sobre papel
115	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Diploma</i>		Documento
116	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Escena clásica</i>	14×9	Lapis sobre papel
117	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Escena funeraria e varios bosquejos</i>	17×22	Tinta chinesa e lapis grafito sobre papel
118	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Esperando o barco</i>	22×24	Lapis de cores sobre papel
119	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Estudo de personaxes</i>	10,5×13,5	Lapis grafito sobre papel
120	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Estudo de roupaxe</i>	21,5×31,5	Lapis sobre papel
121	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Estudo dunha dama</i>	14×9	Lapis sobre papel
122	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Fauno</i>	14×7	Lapis sobre papel
123	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Figuras</i>	9×13	Lapis sobre papel
124	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Figuras femininas</i>	13×10	Lapis sobre papel
125	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Follas e ramas de acanto</i>	18×24	Lapis grafito sobre papel
126	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Guerreiro español do século XVI</i>	31×14	Lapis grafito sobre papel
127	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Hércules Farnesio</i>	14×16	Lapis sobre papel
128	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Marsias</i>	39×31	Lapis composto sobre papel



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
129	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Moisés</i>	22×16	Lapis grafito sobre papel
130	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Mozo atleta</i>	40×27	Lapis composto sobre papel
131	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Muller con labor</i>	21×31	Augada sobre papel
132	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Nus masculinos</i>	49×31	Lapis grafito composto sobre papel
133	Brocos Gómez, Isidoro	<i>O discóbolo</i>	20,5×13	Lapis sobre papel
134	Brocos Gómez, Isidoro	<i>O escravo moribundo</i>	14×7	Lapis sobre papel
135	Brocos Gómez, Isidoro	<i>O escultor</i>	9×5	Tinta sobre papel
136	Brocos Gómez, Isidoro	<i>O neno da cadeira</i>	12×20	Lapis sobre papel
137	Brocos Gómez, Isidoro	<i>O Padre Feijoo</i>	29×11×10	Barro cocido
138	Brocos Gómez, Isidoro	<i>O xastre de aldea</i>	33×27×19	Escaiola pintada
139	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Paisaxe con ruínas clásicas</i>	19×14	Lapis sobre papel
140	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Paisaxe urbana</i>	12,5×20	Lapis sobre papel
141	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Palas Atenea</i>	8,5×9	Lapis sobre papel
142	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Paxaro pousado nunha póla</i>	18×24	Pluma acuarelada e policromada
143	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Paxaro pousado nunha póla</i>	11×18	Pluma acuarelada e policromada
144	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Peneirando</i>	21×32	Lapis sobre papel
145	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Pernas infantís</i>	22×31,5	Lapis sepia, sanguina e grafito sobre papel
146	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Personaxes</i>	9×14	Lapis sobre papel
147	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Personaxes de teatro, estudo de movemento</i>	10,5×13,5	Lapis negro sobre papel
148	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Rapaza sentada</i>	30×21	Lapis sobre papel
149	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Retrato</i>	9×13,5	Lapis de cores sobre papel
150	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Retrato</i>	8×7	Lapis de cores sobre papel
151	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Retrato</i>	9×6	Lapis sobre papel
152	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Retrato</i>	14×8,5	Lapis sobre papel
153	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Retrato</i>	22×32	Tinta sobre papel
154	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Retrato de D. Alonso de Fonseca</i>	21×32	Lapis sobre papel
155	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Retrato de moza</i>	22×14,5	Lapis sobre papel
156	Brocos Gómez, Isidoro	<i>San Eusebio</i>	56×20×15	Barro cocido
157	Brocos Gómez, Isidoro	<i>San Pedro</i>	50×16×12	Barro cocido
158	Brocos Gómez, Isidoro	<i>San Xosé</i>	17×6×6	Barro cocido, modelado e esculpido
159	Brocos Gómez, Isidoro	<i>San Xosé co Neno/A catedral de Santiago</i>	21×12	Lapis grafito sobre papel



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
160	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Santa Rita</i>	52×17×14	Barro cocido
161	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Santiago</i>	13×10	Lapis e pigmento branco sobre papel
162	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Santiago 1878</i>	23×31	Lapis sobre papel
163	Brocos Gómez, Isidoro	Sen título	27×19	Lapis sobre papel
164	Brocos Gómez, Isidoro	Sen título	13×20	
165	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Sileno e Baco</i>	14×8,5	Lapis sobre papel
166	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Tomás Ojea</i>	24×21	Lapis sobre papel
167	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Varios paxaros</i>	20×24,5	Tinta chinesa e lapis grafito sobre papel
168	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Varios personaxes e caricaturas</i>	28×20	Tinta chinesa e lapis grafito sobre papel
169	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Velorio</i>	12×20	Lapis sobre papel
170	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Vista de Roma</i>	7,5×13	Lapis sobre papel
171	Brocos Gómez, Isidoro	<i>Vista de Roma</i>	7,5×13	Lapis sobre papel
172	Brocos Gómez, Modesto	<i>Apoteose de Sabina</i>	28×22	Lapis grafito sobre papel
173	Brocos Gómez, Modesto	<i>Danzarina exipcia</i>	15×17	Pluma e acuarela policromada sobre papel
174	Brocos Gómez, Modesto	<i>Fotografía do mural pintado na sede do periódico de Rio de Janeiro O Jornal do Brasil</i>	27,5×15	Fotografía
175	Brocos Gómez, Modesto	<i>Patrón para abano con motivos orientais</i>	49×12	Pluma e acuarela policromada sobre papel
176	Brocos Gómez, Modesto	<i>Patrón para abano con motivos vexetais</i>	49×12	Pluma e acuarela policromada sobre papel
177	Brocos Gómez, Modesto	<i>Raiña Nefertari</i>	15×17	Pluma e acuarela policromada sobre papel
178	Brocos Gómez, Modesto	<i>Rapaza aseándose</i>	17×15	Pluma e acuarela policromada sobre papel
179	Brocos Gómez, Modesto	<i>Touro</i>	10×18	Gravado de debuxo a tinta
180	Brocos Gómez, Modesto	<i>Voda faraónica</i>	15×17	Pluma e acuarela policromada sobre papel
181	Brocos Tojo, Donnino	<i>Anuncio de clases de debuxo</i>		Augada e tinta sobre cartolina
182	Brocos Tojo, Donnino	<i>Debuxo floral</i>	24×35	Pluma acuarelada policromada sobre papel
183	Brocos Tojo, Donnino	<i>Deusa saíndo do mar</i>	30×23	Pintura sobre cristal
184	Brocos Tojo, Donnino	<i>Flores</i>	30×16	Tinta chinesa sobre papel vexetal
185	Brocos Tojo, Donnino	<i>Flores</i>	15×15	Tinta chinesa sobre papel vexetal
186	Brocos Tojo, Donnino	<i>Parolando</i>	17×11	Tinta chinesa e lapis grafito sobre papel



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
187	Brocos Tojo, Donnino	<i>Rúa de San Domingos. Tumba de Sir John Moore</i>	9×14	Gravado
188	Brocos Tojo, Donnino	Sen título	9×14	Pluma sobre cartolina
189	Brocos Tojo, Florentina	<i>Cabeza de home</i>	38×48	Lapis carbón sobre papel
190	Brocos Tojo, Florentina	<i>Deidade alada</i>	35×84	Augada sobre papel
191	Brocos Tojo, Florentina	<i>Estudo anatómico</i>	49×29	Lapis carbón sobre papel
192	Brocos Tojo, Florentina	<i>Musa</i>	48×30	Lapis grafito e lapis carbón sobre papel
193	Brocos Tojo, Florentina	<i>Nu feminino</i>	58×32	Lapis carbón sobre papel
194	Brocos Tojo, Florentina	<i>Sátiro en repouso</i>	47×30	Lapis carbón sobre papel
195	Brocos, Eugenio	Sen título	44×28	Tinta chinesa sobre papel
196	Brocos, Familia	<i>Carpeta.70 debuxos</i>		Colección
197	Broto Gimeno, José Manuel	<i>As plantas</i>	300×400	Acrílico sobre lenzo
198	Broto Gimeno, José Manuel	<i>Tabula Rasa, a Arvo Pärt</i>	200×260	Acrílico e colaxe sobre lenzo
199	Broto Gimeno, José Manuel	<i>Unha idea do movemento do tempo</i>	300×600	Acrílico sobre lenzo
200	Burgos, Ignacio	<i>Enfermeiros</i>	81×130	Óleo sobre lenzo
201	Caballero, José	<i>Choro por un poeta morto</i>	140×169	Óleo sobre lenzo
202	Cabezas Tomé, Jorge	<i>Chuvia</i>	130×162	Mixta sobre lenzo
203	Cabrita Reis, Pedro	<i>Dobre monochrome blue</i>	220×182×13	Aluminio e acrílico sobre cristal
204	Calvo, Carmen	Sen título ( <i>Convídame a soñar</i> )	272×230	Mixta, barro cocido
205	Calzada, Paz de la	<i>Labirinto</i>	146×146	Tinta sobre lenzo
206	Campano, Miguel Ángel	<i>Díptico RB</i>	190×142,5	Óleo sobre lenzo
207	Campano, Miguel Ángel	<i>Guillermo</i>	289×210	Óleo sobre lenzo
208	Canogar, Rafael	<i>Composición (69/75)</i>	76×56	Litografía
209	Canogar, Rafael	<i>Estudo para un monumento (62/75)</i>		Gravado
210	Canogar, Rafael	Sen título		Augaforte sobre papel Arches
211	Canogar, Rafael	<i>Tiagua</i>	200×229	Mixta, pasta de papel sobre madeira
212	Capa, Joaquín	Sen título		Augaforte sobre papel Arches
213	Caramés Medín, Evaristo (Vari Caramés)	<i>O avión</i>	50×60	Fotografía
214	Caramés Medín, Evaristo (Vari Caramés)	Sen título (1/5) (nadador)	50×120	Duraflex Kodak color
215	Caramés Medín, Evaristo (Vari Caramés)	Sen título (4/5) (piscina)	80×50	Duraflex Kodak color



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
216	Carbajo Villaverde, Antonio (Tono Carbajo)	Sen título	214×368	Mixta sobre lenzo
217	Carballido Cibeira, Xesús Antón	<i>Seica 289-Deli consa en caixa dadaseda</i>	115×199,8×13,5	Ensamblaxe en caixa
218	Carneiro, Alberto	<i>Sobre os ríos I</i>	38×263×92	Madeira de tola
219	Caruncho Amat, Luis María (Luis Caruncho)	<i>Composición</i>	70×100	Colaxe
220	Caruncho Amat, Luis María (Luis Caruncho)	<i>Composición</i>	90 x 90	Mixta sobre táboa
221	Caruncho Amat, Luis María (Luis Caruncho)	<i>Composición</i>	94×94	Mixta sobre táboa
222	Caruncho Amat, Luis María (Luis Caruncho)	<i>Composición (dous círculos)</i>	128×93	Esmalte e técnica mixta sobre madeira
223	Caruncho Amat, Luis María (Luis Caruncho)	<i>Crepúsculo</i>	93×129	Mixta
224	Caruncho Amat, Luis María (Luis Caruncho)	<i>Desenvolvemento xeométrico para un espazo lúdico</i>	143×143	Mixta sobre táboa e lenzo
225	Caruncho Amat, Luis María (Luis Caruncho)	<i>Lazos deportivos, lazos de amizade. Homenaxe a Maimónides</i>	128×128	Óleo sobre táboa e lenzo
226	Caruncho Amat, Luis María (Luis Caruncho)	<i>Lembrando a Regino</i>	36×25,7	Mixta. Óleo sobre madeira e papel
227	Caruncho Amat, Luis María (Luis Caruncho)	<i>Mandolina</i>	190×160	Mixta sobre táboa
228	Caruncho Amat, Luis María (Luis Caruncho)	<i>Vicisitudes do plano nº 4</i>	40×40×40	Ferro esmaltado
229	Caruncho Amat, Luis María (Luis Caruncho)	<i>Vicisitudes do plano nº 4</i>	180×180	Óleo sobre táboa e lenzo
230	Casás, Fernando	<i>Norte 3</i>	125×83×38	Madeira carbonizada e bronce
231	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>A ponte</i>	178×152	Óleo sobre lenzo
232	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>A propósito de Valle-Inclán</i>	122×244	Acrílico sobre madeira
233	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Almería</i>	70×100	Tinta chinesa sobre papel
234	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>As fantasmas</i>	70×100	Tinta chinesa sobre papel
235	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Beirarrúa de Soho</i>	127×160	Óleo sobre lenzo
236	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Bodegón</i>	178×152	Óleo sobre lenzo
237	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Bodegón con paxaro</i>	153×179	Óleo sobre lenzo
238	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Bordo de beirarrúa, Soho</i>	122×153	Acrílico sobre lenzo
239	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Boutique</i>	150×300	Óleo e lapis carbón sobre lenzo
240	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Cántico espiritual (17 gravados)</i>	63,5×49,5 c/u	Gravado



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
241	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Formas</i>	150×300	Acrílico, lapis carbón e papel sobre lenzo
242	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Galletas arroupadas por un pano</i>	127×97	Acrílico sobre lenzo
243	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Home borracho nunha beirarrúa do Soho</i>	229×203	Acrílico sobre lenzo
244	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Mesa de pedra</i>	55×71	Óleo sobre lenzo
245	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Mesa flamenca</i>	76×102	Acrílico sobre lenzo
246	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Nena sobre unha mesa</i>	102×153	Lapis carbón e acrílico sobre lenzo
247	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Paisaxe en desorde</i>	241,5×407	Acrílico sobre lenzo
248	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Pombais</i>	300×600	Óleo sobre lenzo
249	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Pombais rotos</i>	70×100	Tinta chinesa sobre papel
250	Castillo Casalderrey, Jorge	Sen título (88/100)	38×56	Litografía
251	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Sobre Palomares</i>	70×100	Tinta chinesa sobre papel
252	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Tauromaquia 1</i>	56×76	Gravado
253	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Tauromaquia 10</i>	56×76	Gravado
254	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Tauromaquia 3</i>	56×76	Gravado
255	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Tauromaquia 4</i>	56×76	Gravado
256	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Tauromaquia 5</i>	56×76	Gravado
257	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Tauromaquia 6</i>	56×76	Gravado
258	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Tauromaquia 7</i>	56×76	Gravado
259	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Tauromaquia 8</i>	56×76	Gravado
260	Castillo Casalderrey, Jorge	<i>Tauromaquia 9</i>	56×76	Gravado
261	Cerviño, Ángel	<i>Ma jolie normal</i>	150×150	Mixta sobre lenzo
262	Chafes, Rui	<i>Doce flor da desordem I</i>	190×190×42	Escultura en ferro
263	Chafes, Rui	<i>Doce flor da desordem II</i>	192×192×57	Escultura en ferro
264	Chagall, Marc	<i>Nature morte avec un vase de coquelicots</i>	62×62	Óleo sobre lenzo
265	Chillida Juantegui, Eduardo	<i>A casa do poeta. Estea IV</i>	134×32,2×32,3	Aceiro corten
266	Chillida Juantegui, Eduardo	<i>Composición</i>	76×58×14	Mural de terra refractaria con óxido
267	Chillida Juantegui, Eduardo	<i>Lurra XLI</i>	38×25,5×18	Terra cocida
268	Chillida Juantegui, Eduardo	Sen título		Augaforte sobre papel Arches
269	Chirino, Martín	<i>A sabina</i>	250×600	Ferro forxado
270	Chirino, Martín	Sen título		Augaforte sobre papel Arches
271	Cid Menor, Xosé	<i>Home recostado</i>	210×52×72	Madeira
272	Clavé Sanmartín, Antoni	<i>Escena circense</i>	79×91	Óleo sobre lenzo



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
273	Clavé Sanmartín, Antoni	Sen título		Augaforte sobre papel Arches
274	Colmeiro González, Elena	Sen título	56×58×38	Refractario e óxidos
275	Colmeiro Guimarás, Manuel	<i>A pastora</i>	28×39	Óleo sobre táboa
276	Colmeiro Guimarás, Manuel	<i>Feira</i>	100×80	Óleo sobre lenzo
277	Colmeiro Guimarás, Manuel	<i>Nus</i>	50×65	Óleo sobre lenzo
278	Colmeiro Guimarás, Manuel	<i>Paisaxe gris</i>	46,5×65	Óleo sobre lenzo
279	Colmeiro Guimarás, Manuel	<i>Pulpeira na feira</i>	65×102	Óleo sobre lenzo
280	Correa Corredoira, Javier	<i>A xornada</i>	33×43	Serigrafía, seda e tintas serigráficas
281	Correa Corredoira, Javier	<i>Napoli</i>	40×31	Serigrafía
282	Costa Beiro, Alfonso	<i>A Guerra</i>	200×200	Acrílico sobre lenzo
283	Costa Beiro, Alfonso	<i>A illa verde</i>		Gravado
284	Costa Beiro, Alfonso	<i>Paisaxe enclastrada</i>	162×130	Acrílico sobre lenzo
285	Crego Rodríguez, Carlos	<i>Ponts et cite</i>	35×22	Liño gravado
286	Creis, Alex	<i>Leito</i>	170×190	Óleo sobre lenzo
287	Criado Martín, Felipe	<i>Catro mulleres e tres nenos</i>	85,5×65	Gouache sobre papel
288	Criado Martín, Felipe	<i>Desde a orixe</i>	204×163	Mixta sobre táboa
289	Criado Martín, Felipe	Sen título	19,5×18,6	Acuarela e tinta chinesa sobre papel
290	Criado Martín, Felipe	Sen título	38×28,3	Acuarela e tinta chinesa sobre papel
291	Criado Martín, Felipe	Sen título	27,7×37,8	Acuarela e tinta chinesa sobre papel
292	Criado Martín, Felipe	Sen título	28×38	Tinta chinesa sobre celulosa
293	Criado Martín, Felipe	Sen título	28×38	Tinta chinesa sobre papel
294	Criado Martín, Felipe	<i>Situación gravitatoria II</i>	48×48	Mixta sobre fibra DM
295	Croft, José Pedro	Sen título	200×150×120	Ferro galvanizado e espello
296	Croft, José Pedro	Sen título (8/15)	61×40	Augatinta
297	Croft, José Pedro	Sen título (8/15)	61×40	Augatinta
298	Dacos, Guy	<i>Gravado</i>		
299	Dalí Doménech, Salvador Felipe Jacinto (Salvador Dalí)	<i>Cour uest de l'île des morts-obsession reconstitutive d'après Böcklin</i>	63,5×53	Óleo sobre lenzo
300	Dalí Doménech, Salvador Felipe Jacinto (Salvador Dalí)	<i>Les roses sanglantes</i>	61×50	Óleo sobre lenzo
301	Dans Boado, María Antonia	<i>Cuarto vidreira</i>		Gravado
302	Dans Boado, María Antonia	<i>Nai con nena</i>	72×62	Óleo sobre táboa



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
303	Dans Boado, María Antonia	<i>Paisaxe con figuras</i>	50×70	Ceras
304	Dans Boado, María Antonia	<i>Rúa con quiosco</i>	81×100	Óleo sobre táboa
305	Dasilva Marques, Manuel Antonio (Patinha)	<i>Santo Trono</i>	180×156×40	Bronce e ferro
306	Dataz Panero, Alberto	<i>Imaxes en expansión</i>	200×200	Óleo sobre lenzo
307	De Chirico, Giorgio	<i>Le trouble du thaumaturge (a confusión do taumaturgo)</i>	79×63	Óleo sobre lenzo
308	De la Torre Mirón, Rafael	<i>Tromba mariña</i>	229×160×55	Madeira
309	Díaz Pardo, Isaac	<i>A barca de Caronte</i>	215×320	Óleo sobre lenzo
310	Díaz Pardo, Isaac	<i>As tres grazas</i>	88×65	Óleo sobre lenzo
311	Díaz Pardo, Isaac	<i>Bautizo</i>	65×72	Óleo sobre lenzo
312	Díaz Pardo, Isaac	<i>Maternidade</i>	94×80	Óleo sobre lenzo
313	Díaz Pardo, Isaac	<i>Moiras</i>	152×120	Óleo sobre lenzo
314	Díaz Pardo, Isaac	<i>O xuízo de Salomón</i>	155×105	Óleo sobre lenzo
315	Díaz Pardo, Isaac	<i>Os afogados</i>	165×190	Óleo sobre lenzo
316	Díaz Pardo, Isaac	<i>Retrato de mozo aristócrata</i>	90×70	Óleo sobre lenzo
317	Díaz Pardo, Isaac	<i>Retrato do pintor Miramontes</i>	111×99	Óleo sobre lenzo
318	Díaz Pardo, Isaac	<i>Retrato dunha rapaza (María Antonia Dans)</i>	92×73	Óleo sobre lenzo
319	Díaz Pardo, Isaac	Sen título	107×76	Lapis carbón sobre papel
320	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (bosquexo de dous nus)	56×36	Óleo sobre cartón
321	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (bosquexo de dous nus)	39×33,5	Óleo sobre lenzo
322	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (bosquexo de muller)	30×22	Óleo sobre lenzo
323	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (bosquexo de nai e fillo)	97×69	Lapis carbón sobre papel
324	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (cabeza de muller)	37×29	Óleo sobre cartolina
325	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (figuras)	71×106	Lapis sobre papel
326	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (mártir)	29×20	Lapis e acuarela sobre papel
327	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (muller e neno)	33×21	Lapis e tinta sobre papel
328	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (perfil de muller)	44×39	Lapis carbón sobre papel
329	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (perfil de muller)	40×30	Óleo sobre lenzo
330	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (perfil de rapaza)	29×22	Lapis e acuarela sobre papel
331	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (retrato de catro personaxes)	47×36,5	Óleo sobre lenzo



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
332	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (retrato de familia)	49×29	Óleo sobre cartón
333	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (retrato de grupo, bosquexo)	36×51	Óleo sobre cartón
334	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (retrato de grupo)	36×51	Óleo sobre cartón
335	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (retrato de home)	30×23	Sanguina sobre papel
336	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (retrato de nena)	29×28	Óleo sobre lenzo
337	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (retrato de neno)	37×30	Óleo sobre táblex
338	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (retrato de rapaza)	30×24	Sanguina sobre papel
339	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (retrato dun home con cunca)	34×19	Óleo sobre cartón
340	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (tres mulleres núas, bosquexo)	80×56	Lapis carbón sobre papel
341	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (un de muller)	114×84	Sanguina sobre papel
342	Díaz Pardo, Isaac	Sen título (un de rapaza)	107×51	Lapis carbón sobre papel
343	Díaz, María Xosé	Sen título	42×40×15 c/u	Mixta sobre caixas de luz
344	Dolron, Desiree	Xterior XIII	120×100	Kodak Endura print
345	Domínguez Palazón, Óscar	<i>Le peintre et son modèle</i>	60×90	Óleo sobre lenzo
346	Domínguez Palazón, Óscar	O drago	81,5×60,5	Óleo sobre lenzo
347	Domínguez Palazón, Óscar	Piano	28,5×46,3	Óleo sobre lenzo
348	Equipo Crónica	As pipas	199×149,3	Óleo, acrílico e colaxe sobre lenzo
349	Ernst, Max	Vases communicants (Vasos comunicantes)	81×65	Óleo sobre lenzo
350	Facal Ponte, Manuel	Ave 2	76×102	Augaforte
351	Facal Ponte, Manuel	Montealto	55 x 65	Augaforte
352	Facal Ponte, Manuel	Santiago	31,5×25,5	Augaforte e augatinta sobre cinc. Cor por superposición de varias pranchas
353	Facal Ponte, Manuel	Sen título	74,5×55	Augaforte
354	Facal Ponte, Manuel	Sen título		Gravado
355	Facal Ponte, Manuel	Sen título (1/10)	76×56	Augaforte
356	Facal Ponte, Manuel	Sen título (18/50)	76×102	Augaforte
357	Facal Ponte, Manuel	Sen título (20/50)	102×76	Augaforte
358	Facal Ponte, Manuel	Sen título (34/100)	102×76	Augaforte
359	Facal Ponte, Manuel	Sen título (36/100)	102×76	Augaforte
360	Facal Ponte, Manuel	Sen título (45/100)	76×102	Augaforte
361	Facal Ponte, Manuel	Sen título (46/100)	102×76	Augaforte
362	Facal Ponte, Manuel	Sen título (5/10)	76×56	Augaforte



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
363	Facal Ponte, Manuel	Sen título (7/10)	76×56	Augaforte
364	Fandiño, Suso	<i>The Brillo boxes shaking</i>	95×95×3,4 c/u	Serigrafía mixta
365	Farreras Ricart, Francisco	<i>Relevo nº 408 A</i>	165×305	Madeira
366	Fernández Argüelles, Julio	<i>A cadeira (maternidade)</i>	116×85	Óleo sobre lenzo
367	Fernández Argüelles, Julio	<i>Catedral mergullada</i>	100×70	Óleo sobre lenzo
368	Fernández Argüelles, Julio	<i>Crucificado</i>	245×150	Óleo sobre lenzo
369	Fernández Argüelles, Julio	<i>Nu</i>	100×70	Óleo sobre cartón
370	Fernández Cañedo, Virxilio	<i>Auf der terrase I</i>	101×101	Mixta sobre madeira
371	Fernández Cañedo, Virxilio	<i>Auf der terrase II</i>	101×101	Mixta sobre madeira
372	Fernández Cañedo, Virxilio	<i>Auf der terrase III</i>	101×101	Mixta sobre madeira
373	Fernández Cañedo, Virxilio	<i>Jazz em streckstrumf I</i>	81×65	Mixta sobre madeira
374	Fernández Cañedo, Virxilio	<i>Jazz em streckstrumf II</i>	65×81	Mixta sobre madeira
375	Fernández Cañedo, Virxilio	<i>Mulleres azuis</i>		
376	Fernández Cañedo, Virxilio	<i>Óleo</i>		
377	Fernández Cañedo, Virxilio	<i>Vendima</i>		Gravado
378	Fernández Fariña, Almudena	<i>Non se chama</i>	195×195	Acrílico e óleo sobre lenzo
379	Fernández Fernández, Ana	<i>Aeroporto</i>	135×110	Fotografía
380	Fernández Freixanes, Xosé María	<i>II Campanile</i>	140×140	Acrílico sobre lenzo
381	Fernández Freixanes, Xosé María	Sen título	37×29	Serigrafía
382	Fernández Granell, Eugenio	<i>A caza secreta do poldro agochado</i>	76×101,5	Óleo sobre lenzo
383	Fernández Granell, Eugenio	<i>A chegada dos comediantes máxicos</i>	81×97	Óleo sobre lenzo
384	Fernández Granell, Eugenio	<i>Figuras asombradas pola rotación do xiroscopio</i>	101,5×81	Óleo sobre lenzo
385	Fernández Granell, Eugenio	<i>Les soirées somtueses sont tueses</i>	61×109	Óleo sobre lenzo
386	Fernández Granell, Eugenio	<i>O cabalo respectuoso coas damas</i>	91,5×122	Óleo sobre lenzo
387	Fernández Granell, Eugenio	<i>O paxaro de fogo</i>	75×50	Gouache sobre cartón
388	Fernández Granell, Eugenio	<i>O segredo do río Sil</i>	122×86	Óleo sobre lenzo
389	Fernández Granell, Eugenio	<i>Os laios das mulleres soas</i>	76×101,5	Óleo sobre lenzo
390	Fernández Granell, Eugenio	<i>Presenza da sombra</i>	42	Terracota
391	Fernández Granell, Eugenio	Sen título (cabeza)	42,6×17,8×18, 5	Madeira e pintura sintética
392	Fernández Granell, Mario	<i>Costureiras de Redes II</i>	95×125	Acrílico sobre lenzo
393	Fernández Granell, Mario	<i>Esperando ao patriarca</i>	66×82	Acrílico sobre lenzo



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
394	Fernández Granell, Mario	<i>Estampas da longa e dolorosa espera</i>	57×72	Óleo sobre lenzo
395	Fernández Granell, Mario	<i>Xardíns siderais</i>	132×99	Acrílico sobre lenzo
396	Fernández Mazas, Cándido	<i>Cabeza de home con barba</i>		Linóleo
397	Fernández Pujol, Pablo	<i>Flytime III</i>	120×120	Mixta sobre lenzo
398	Frau Ruíz, José	<i>Paisaxe con figuras</i>	70×80	Óleo sobre táboa
399	Fuente Alonso, María Victoria de la	<i>Bodegón</i>	50 x 40	Gravado
400	Fuente Alonso, María Victoria de la	<i>Noite no obradoiro</i>	100×100	Óleo sobre lenzo
401	Gabino, Amadeo	Sen título		Augaforte sobre papel Arches
402	Galán, Pepe	Sen título	43,5×32,5	Serigrafía
403	Galán, Pepe	Sen título	43×34	Serigrafía
404	García Alcolea, Carlos (Carlos Alcolea)	<i>A ducha</i>	170×145	Acrílico sobre lenzo
405	García Ramírez, Carlos (Carlos Maño)	<i>A volta a España (do revés)</i>	180×150	Mixta sobre lenzo
406	García Senra, Toya	<i>Cousas de casa (Bodegón)</i>	146×195	Acrílico sobre lenzo
407	García Senra, Toya	<i>Perfume e paxariños</i>	146×195	Acrílico sobre lenzo
408	García Vázquez, Manuel (Buciños)	<i>Venus de Lendorriño</i>	105×20×20	Pedra tallada
409	García-Gesto, Joaquín	<i>Luchy</i>	130×160	Mixta sobre lenzo
410	Gómez Chao Fernández, Xurxo	<i>A antena de Benito</i>	130×146	Acrílico e galvanizado en frío sobre lenzo
411	Gómez Chao Fernández, Xurxo	<i>Entrando na sala das pequenas árbores da vida</i>	146×195	Óleo sobre lenzo
412	Gómez Chao Fernández, Xurxo	<i>Gran Cunqueiro</i>	195×146	Óleo sobre lenzo
413	Gómez Chao Fernández, Xurxo	<i>Hóspedes da néboa</i>	180×100 c/u	Fotografía Lambda sobre aluminio
414	Gómez Chao Fernández, Xurxo	<i>Plenitude cabal</i>	173×17	Acrílico sobre lenzo
415	Gómez Chao Fernández, Xurxo	<i>Saída do baño</i>		Gravado
416	Gómez Chao Fernández, Xurxo	Sen título	43×33	Serigrafía, tintas serigráficas
417	Gómez González, Ana María (Maruja Mallo)	<i>Estrelas de mar</i>	60×65	Óleo sobre lenzo
418	Gómez González, Ana María (Maruja Mallo)	<i>Máscaras</i>	46×61	Óleo sobre lenzo
419	Gómez González, Ana María (Maruja Mallo)	<i>Máscaras con bolboretas</i>	54×30	Óleo sobre táboa



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
420	Gómez González, Ana María (Maruja Mallo)	O salto		Augaforte
421	Gómez González, Cristino (Cristino Mallo)	Cabeza de señora	32×19×22	Bronce
422	González de la Vega, Álvaro (Álvaro de la Vega)	Figura	50×28×25	Madeira de freixo policromada
423	González de la Vega, Álvaro (Álvaro de la Vega)	Sen título	50×28×25	Madeira de olmo
424	González del Blanco, Roberto	Alegrias	190×164,5	Óleo sobre lenzo
425	González del Blanco, Roberto	Na vendima	82×65	Óleo sobre lenzo
426	González Fernández, Roberto	Hollywood XVII	42×200	Óleo sobre lenzo e táboa
427	González Pascual, Alejandro	Ánfora con pano		Óleo sobre táplex
428	González Pascual, Alejandro	Bodegón		Óleo sobre táplex
429	González Pascual, Alejandro	Bosque	83×119	Óleo sobre táboa
430	González Pascual, Alejandro	Froitas	50×122,5	Óleo sobre táboa
431	González Pascual, Alejandro	Montes de San Pedro	60×99	Óleo sobre táboa
432	González Pascual, Alejandro	Sopeira	52×56	Óleo sobre táplex
433	González Pérez, José Victoriano (Juan Gris)	Le raisin noir (a uva negra)	27×46	Óleo sobre lenzo
434	González, Julio	Tête dite «Le tunnel»	46,7×21,8×30,9	Bronce
435	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	Aniversario	65×82	Óleo sobre lenzo
436	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	Arando cedo	150×100	Óleo sobre lenzo
437	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	Arando con arado romano	65,5×81,5	Óleo sobre lenzo
438	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	As damas	200×200	Óleo sobre lenzo
439	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	Camioneiro	130×100	Óleo sobre lenzo
440	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	Cemiterio de Lousada	145×96	Óleo sobre lenzo
441	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	Franco	250×200	Óleo sobre lenzo



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
442	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	<i>Fútbol</i>	82×116	Óleo sobre lenzo
443	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	<i>Garda civil, muller, vaca</i>	250×200	Óleo sobre lenzo
444	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	<i>Marido con problemas. (O comedor de ostras)</i>	73×60	Óleo sobre lenzo
445	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	<i>Mariña</i>	120×200	Óleo sobre lenzo
446	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	<i>Maternidade</i>	65×54	Óleo sobre lenzo
447	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	<i>Nu</i>	102×70	Óleo sobre lenzo
448	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	<i>O Café Xixón</i>	68×49	Óleo sobre lenzo
449	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	<i>O enterro</i>	203×173	Óleo sobre lenzo
450	Grandío López, Manuel Constantino Ramón (Tino Grandío)	<i>Retrato de Ramón Faraldo</i>	116×81	Óleo sobre lenzo
451	Guerrero, José	Sen título (Bandeira)	170×281	Óleo sobre lenzo
452	Guinovart i Bertrán, Josep	Sen título (HC 6/10)	38×56	Gravado
453	Guinovart i Bertrán, Josep	Sen título		Augaforte sobre papel Arches
454	Gutiérrez Solana, José	<i>Murga gaditana</i>	99,5×80,5	Óleo sobre lenzo
455	Gutiérrez-Cueto Blanchard, María (María Blanchard)	<i>Composición cubista con botella</i>	65,1×46,3	Óleo sobre lenzo
456	Gutiérrez-Cueto Blanchard, María (María Blanchard)	<i>L'ivrogne</i>	100×65	Óleo sobre lenzo
457	Gutiérrez-Cueto Blanchard, María (María Blanchard)	<i>Les deux soeurs</i>	117×82	Óleo sobre lenzo
458	Hernández Mompó, Manuel	Sen título		Augaforte sobre papel Arches
459	Hernández Pijuan, Joan	<i>PJ-2 (46/50)</i>	20×29	Augaforte
460	Hernández Pijuan, Joan	<i>PJ-3 (46/50)</i>	20×29	Augaforte
461	Hernández Pijuan, Joan	<i>PJ-7 (30/50)</i>	20×29	Augaforte
462	Hernández Pijuan, Joan	<i>PJ-9 (33/50)</i>	20×29	Augaforte
463	Hernández Pijuan, Joan	Sen título (88/100)	38×56	Gravado



Núm.	Autor	Título	Medidas (cm)	Tipo
464	Hernández, José	<i>Aura</i>	76×56	Augaforte
465	Hernández, José	<i>Cabaleiro eterno retorno (48/75)</i>	76×56	Augaforte
466	Hevia Torres, Segundo	<i>A basílica de Santa María a Maior e parte da zona antiga desde o río Lérez. Pontevedra</i>	62×42	Acuarela
467	Hevia Torres, Segundo	<i>A vila e a súa ponte. Ponte de Lima</i>	76×57	Acuarela
468	Hevia Torres, Segundo	<i>Arco de Santa María. Burgos</i>	70×45	Acuarela
469	Hevia Torres, Segundo	<i>Arco do Pazo Arcebispal. Santiago de Compostela</i>	70×45	Acuarela
470	Hevia Torres, Segundo	<i>Camiño. Igrexa Maior de Rabanal del Camino. León</i>	70×45	Acuarela
471	Hevia Torres, Segundo	<i>Carpeta. Os camiños de Santiago. Nº 1201-1251 O camiño francés. Nº 1352-1380 O camiño portugués</i>	80 acuarelas	Acuarela
472	Hevia Torres, Segundo	<i>Catedral e capela da Piedade. Santarem</i>	46×62	Acuarela
473	Hevia Torres, Segundo	<i>Catedral e outros aspectos do Castrum Novum. Porto</i>	46×62	Acuarela
474	Hevia Torres, Segundo	<i>Catedral vella. Cabeceira. Coimbra</i>	46×62	Acuarela
475	Hevia Torres, Segundo	<i>Catedral, s. XI. Fachada lateral. Jaca (Huesca)</i>	70×45	Acuarela
476	Hevia Torres, Segundo	<i>Catedral, s. XII. Ábsida. Santo Domingo de la Calzada (Logroño)</i>	80×60	Acuarela
477	Hevia Torres, Segundo	<i>Catedral. A Porta Santa. Santiago de Compostela</i>	57×76	Acuarela
478	Hevia Torres, Segundo	<i>Catedral. Fachada do Obradoiro. Santiago de Compostela</i>	46×62	Acuarela
479	Hevia Torres, Segundo	<i>Catedral. Praza da Inmaculada. Santiago de Compostela</i>	70×50	Acuarela
480	Hevia Torres, Segundo	<i>Cheminea. Murias de Rechibaldo. Astorga (León)</i>	70×45	Acuarela
